



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal para a cobertura temporal de prazas de graduado/a enfermería

ANUNCIO

CONVOCATORIA PÚBLICA DO PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE AGARDA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE GRADUADO/A ENFERMERÍA.

Por Resolución da Alcaldía núm. 2001/2025, do 14/07/2025, aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal para a cobertura temporal de prazas de Graduado/a Enfermería.

As bases publicaranse integramente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal).

O prazo de presentación de instancias é de **cinco (5) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

O sistema selectivo será o de OPOSICIÓN.

O exercicio, tipo test, consistirá na resolución por escrito dun **cuestionario tipo test, nun tempo máximo de 60 minutos, de 25 preguntas, máis 5 preguntas de reserva**, con catro alternativas de resposta, sendo só unha delas correcta, en relación ás funcións propias do posto de traballo convocado e ao contido do temario do **Anexo I** das bases.

Publicarase, previamente, a **batería de preguntas** das que se extraerán as contidas na proba.

Cada resposta correcta puntuará 0,40 puntos. As respostas incorrectas e as preguntas deixadas en branco non contarán puntuación.

O exercicio será cualificado cunha **nota final de 0 a 10 puntos**, sendo necesario alcanzar unha **nota mínima de 5 puntos** para superalo.

En Carballo, 14 de xullo de 2025

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2025/4709